

# ESTRUTURA ORGANIZATIVA




**Ourense en común** organízase en base a tres piares fundamentais: **transparencia**, **participación** e **horizontalidade**. Piares que asentan a seguinte estrutura:

**Asemblea en Común (AeC)** Plenario, máximo órgano de decisión de Ourense en Común. Soberana e de adhesión individual. Modalidade de participación segundo *Protocolo de Entrada e Participación e Regulamento Asembleario*.

**Grupos de traballo (GT)** Unidades técnicas de adhesión individual configuradas segundo criterios de operatividade, pluralidade e independencia.

**Espazo en Común (EeC)** Termo que engloba a todas aquelas actividades ou intervencións autónomas que se desenvolvan en relación ao local de OUEC.

A estrutura interna de OUEC pivota sobre estes tres elementos: AeC, EeC e GT. Asemade promoverase unha **rede descentralizada** ligada a temáticas concretas e con base no territorio (sectoriais), conformando unha **extitución** que desborde e supere a dinámica propia de Ourense en Común. A creación dun contrapoder necesario dentro da lóxica dos **“pesos e contrapesos”**.



**Proposta de estrutura**

Xaneiro 2017

## **ASEMBLEA EN COMÚN**

### **1. QUE É?**

É o máximo órgano de representación de OUeC. Unha assemblea con **decisións vinculantes** e con capacidade de modificación das decisións **estratéxicas**.

### **2. QUEN CONFORMA A ASEMBLEA EN COMÚN?**

Á Asemblea en Común están chamados a participar tanto as persoas **integrantes** de Ourense en Común como todas aquelas persoas **simpatizantes** baixo as cláusulas que se recollen no *Protocolo de entrada e participación de Ourense en Común*.

### **3. CANDO SE REÚNE?**

Segundo as súas necesidades e distinguindo as seguintes **tipoloxías** segundo o establecido no Regulamento Asembleario.

## GRUPOS DE TRABAJO

### 1. QUE SON?

**Unidades técnicas** de adhesión individual configuradas segundo criterios de operatividade, pluralidade e independencia.

### 2. QUEN CONFORMA OS GRUPOS DE TRABAJO?

**De adhesión individual** procurando sempre que os cargos sexan **rotatorios** e tendo en conta a **paridade** nos mesmos. Abertos pero configurados segundo criterios de operatividade (perfís, número de membros, metodoloxías, etc.), pluralidade e independencia. **Cada persoa só poderá participar nun grupo de traballo**, excluindo os GT Coordinación e Institucional polas especiais características destes, así mesmo será posible colaborar noutro GT en momentos puntuais como persoal de apoio. **Non se poderá permanecer nun GT sen actividade real**. Todos os GT terán un enlace no GT de Coordinación que será o encargado do bo funcionamento do seu GT, así como de comunicar as variacións dentro do mesmo (altas, baixas, falta de actividade de integrantes, abandono de ferramentas propias ou calquera outra).

**Cada GT estará constituído por un responsable ou referente** que de forma autónoma xestionará aos membros de apoio precisos para desenvolver ás tarefas segundo as características de cada unha deles. Para isto, terá a súa dispoñibilidade un catálogo cos datos de todos os membros activos de OUeC, cos que poderá contactar para pedir o seu apoio nas tarefas específicas que teña que desenvolver e precise de axuda. Estes referentes ou responsables poderán ser revogados pola AeC en calquera momento.

### 3. QUE DEREITOS OU OBRIGAS TEÑEN?

Os grupos de traballo son **autónomos** a todos os efectos, incluído na forma en que toma as súas decisións, debendo unicamente **render contas** da súa actividade perante a AeC, **difundir** a orde do día das súas xuntanzas 24 horas antes da mesma e **compartir as actas** resultantes co resto da estrutura de Ourense en Común. As decisións de cada grupo de traballo son vinculantes e definitivas sempre que **non entren en conflito coas decisións de carácter estratéxico** que só poden ser aprobadas ou modificadas na Asemblea en Común.

### 4. QUE GRUPOS DE TRABAJO EXISTEN?

#### Grupo de traballo de Apertura...

...para estimular a participación da cidadanía e os colectivos sociais e políticos

#### Grupo de traballo de Comunicación...

...para que nos entendamos entre nós e nos entendan dende fóra

#### Grupo de traballo de Coordinación...

...para garantir a boa engrenaxe e o bo funcionamento

#### Grupo de traballo de Loxística, legal e financeiro...

...para consultas, correccións e para dar soporte material ao proxecto

#### Grupo de traballo Institucional...

...para exercer como enlace entre a asemblea e o goberno municipal

## Grupo de traballo de Apertura

### QUEN O CONFORMA?

**De adhesión individual e libre.** Pola súa natureza de interlocutores quedan exentas neste grupo aquelas persoas **militantes, afiliados ou figuras análogas de organizacións políticas susceptibles de confluír dentro de OUeC.**

**O grupo contará cunha persoa nomeada como responsable ou referente.** Promoverase que as persoas que ocupen estes cargos, sempre que sexa posíbel, o exerzan de forma rotatoria e con paridade de xénero, sendo **referendadas perante a AeC de forma anual** (Re-Pensar OUeC).

Estes referentes actuarán tamén como integrantes *de facto* no **GT Coordinación** coa finalidade de axilizar a comunicación e ser máis eficientes cumprindo co ritmo de traballo que impón a administración pública.

**Cando se reúne?** Segundo as súas **necesidades** con moderación e acta rotatorias.

**Que funcións ten?** En xeral é o grupo **responsable de estimular a participación da cidadanía e os colectivos sociais e políticos en OUeC.** Entre as súas funcións máis específicas están:

- Recibir ás persoas interesadas en integrarse activamente no proceso segundo o *Protocolo de Entrada e Participación*: incorporación aos grupos de traballo, acompañamento e presentación pública ao resto de integrantes, etc.

- Relacións con organizacións e outros procesos municipalistas.

- Contacto e dinamización de barrios.

## Grupo de traballo de Comunicación

### QUEN O CONFORMA?

**De adhesión individual e libre.** Con todo, pola súa natureza estratéxica, o **grupo contará con dúas persoas nomeadas directamente como responsables ou referentes** sendo **referendadas perante a AeC de forma anual** (Re-Pensar OUEC).

- **Referente de comunicación externa**
- **Referente de comunicación interna**

Estes referentes actuarán tamén como integrantes *de facto* no **GT Coordinación** coa finalidade de axilizar a comunicación e ser máis eficientes cumprindo co ritmo de traballo que impón a administración pública.

**Cando se reúne?** Segundo as súas **necesidades** con moderación e acta rotatorias.

**Que funcións ten?** En xeral é o grupo responsable de **coordinar todo o contacto**, de que nos entendamos entre nós e que se entenda dende fóra o proxecto de OUEC. Entre as súas funcións máis específicas están:

- Xestión redes sociais
- Soporte ferramentas de comunicación e telemáticas de traballo
- Audiovisual
- Deseño e imaxe corporativa
- Xestión relación cos medios
- Estratexia comunicativa
- Web
- Protocolos de comunicación e transparencia

## Grupo de traballo de Coordinación

### QUEN O CONFORMA?

De adhesión individual e con cargos rotatorios e tendo en conta a paridade, sempre que sexa posible. Ademais daquelas persoas interesadas en colaborar a título individual o **GT Coordinación estará constituído polos referentes e responsables do resto de GT así como da área de xestión do Espazo en Común**, que serán nomeados pola AeC anualmente, e poderán ser revogados pola mesma en calquera momento e por calquera circunstancia.

**Cando se reúne?** Segundo as súas **necesidades** con moderación e acta rotatorias.

**Que funcións ten?** En xeral posibilitar o bo funcionamento da estrutura organizativa de OUEC. Entre as súas funcións máis específicas están:

- Preparación e coordinación das AeC (convocatorias, medios, necesidades...)
- Decisións de emerxencia
- Implementación de propostas estratéxicas de liña política
- Avaliación do proceso
- Coordinación dos GTs.
- Rexistro de persoas integrantes e garante do Regulamento

Asembleario.

## Grupo de traballo de Loxística, Legal e financeiroiro

### QUEN O CONFORMA?

**De adhesión individual e libre.**

**O grupo contará cunha persoa nomeada como responsable ou referente.** Promoverase que as persoas que ocupen estes cargos, sempre que sexa posíbel, o exerzan de forma rotatoria e con paridade de xénero, sendo **referendadas perante a AeC de forma anual** (Re-Pensar OUeC).

Estes referentes actuarán tamén como integrantes *de facto* no **GT Coordinación** coa finalidade de axilizar a comunicación e ser máis eficientes cumprindo co ritmo de traballo que impón a administración pública.

**Cando se reúne?** Segundo as súas **necesidades** con moderación e acta rotatorias.

**Que funcións ten?** En xeral é o grupo responsable **de dar soporte** a estrutura e o proxecto de OUeC. Entre as súas funcións máis específicas están:

- Medios de financiación
- Intendencia, produción...
- Legal

## Grupo de traballo Institucional

### QUEN O CONFORMA?

O conxunto das persoas participantes de OUeC na institución municipal de Ourense.

**O grupo contará cunha persoa nomeada como responsable ou referente.** Promoverase que a persoa que ocupe este cargo non teña a condición de electa.

Este referente actuará tamén como integrante *de facto* no **GT Coordinación** coa finalidade de axilizar a comunicación e ser máis eficientes cumprindo co ritmo de traballo que impón a administración pública.

**Cando se reúne?** Segundo as súas **necesidades**. Como norma unha vez a comezos de cada semana co obxecto de planificar a actividade institucional da mesma.

A iniciativa do GTI, **este poderá convocar cantas reunións de estratexia necesite** para implementar as decisións emanadas da AeC contando con aquelas persoas que estime oportuno segundo cada caso concreto. Pola súa propia natureza quedará excluído da obrigatoriedade de informar previamente destas reunións, das renderá contas no momento oportuno.

**Que funcións ten?** En xeral ocúpase de ser o **nexo de unión entre o Concello e a AeC**, así como a voz desta nos plenos e actos do Concello. Entre as súas funcións máis específicas están:

- Activación e mantemento da rede de apoio institucional e sectorial.
- Interlocutor entre a asemblea e o Concello
- Participación no proceso de desenvolvemento municipal tomando como referencia o programa de OUeC
- Participación nos plenos do Concello, así como en posibles comisións ou mesas de negociación
- Transmisión de información de forma bidireccional entre a asemblea e o Concello



## **ESPAZO EN COMÚN**

### **1. QUE É?**

O Espazo en Común (EeC) fai referencia a todas **aquelas actividades ou intervencións que se desenvolvan en relación ao local de OUeC, o cal terá unha persoa responsable ou referente integrado no GT Coordinación.**

O espazo terá definida dúas clara as liñas de actuación, por unha banda a vinculada á Xestión do Local que será a encargada de establecer un calendario, horario e cronograma do espazo. E por outra banda estará a de Programación, que desenvolverá actividades de diferente índole durante períodos determinados e limitados no tempo, co que se posibilitará a rotación de ideas e responsables, así como a posibilidade de fomentar vínculos máis estreitos con outros colectivos ao favorecer o traballo conxunto mediante sinerxías mutuas, e provendo de apoio a Institucional mediante a creación dun argumentario de diferentes temáticas que se podan tratar no Pleno ou en Xuntas de Áreas.

### **2. CANDO SE REÚNE?**

Segundo as súas necesidades.

### **3. QUE FUNCIÓNS TEN?**

- Interlocutor entre a asemblea e a cidadanía.
- Apoio ao GT Institucional.
- Xestión da apertura e dispoñibilidade do local, tanto para actividades de OUeC como para a de outros colectivos.
- Desenvolvemento da programación no local, co obxecto de chegar á cidadanía o que acontece no Concello e viceversa, mediante actividades de diverso tipo que posibiliten un diálogo enriquecedor entre cidadanía, colectivos e institucións en relación a temas con implicacións directas e indirectas para a nosa cidade.

**FACILITADOR/A:**

De ser posible, en función das integrantes activas, as súas capacidades e dispoñibilidade, unha ou varias persoas estarán encargadas de velar polo bo funcionamento de todo OUeC, integrado en todas as ferramentas de todos os GTs co obxecto de ter unha visión global de todo o que aconteza dentro do proceso municipalista. Non terá capacidade de decisión nin voto en ningunha dos grupos de traballo, e só se encargará de ter información de todos os procesos e encomendas en marcha dentro de OUeC, co fin de evitar duplicidades e harmonizar o funcionamento interno.